



## Novos xuíces do Couto Mixto

A antropóloga e profesora da universidade de Lisboa, Paula Godinho, é a autora dun documentadísimo estudo sobre as relacións transfronteirizas na raia seca. O libro, publicado polo Servizo de Publicacións da Deputación de Ourense leva o suxerente título "Oír o galo cantar dúas veces". Paga a pena lelo. Este traballo de investigación sobre a cultura da raia, que foi galardoado co "Premio Xesús Taboada Chivite", descubre feitos e acontecementos de gran importancia para entender as relacións entre galegos e portugueses, ali onde a fronteira non está separada por ningún accidente xeográfico como acontece co río Miño noutro treito fronteirizo.

Por Xosé Glez. | Redondela | 26/06/2012



Luís M. García Mañá na súa obra "Couto Mixto, unha república esquecida", ofrecéndonos información abonda para coñecermos a orixe histórica de tan singular territorio mentres estivo vixente o seu estatus xurídico-político. As súas pescudas foron decisivas para reconstruír a súa identidade esvaída polo paso do tempo. Aqueles acontecementos históricos son hoxe rememorados pola Asociación de Amigos do Couto Mixto, que todos os anos conmemora a existencia dun territorio histórico que os Parlamentos de Europa, Galicia e o Congreso dos Deputados recoñeceron con diversas iniciativas parlamentarias.

Para perpetuar a memoria dun pobo que gozou de privilexios e de independencia respectos dos reinos de Portugal e España ata 1864, a Asociación de Amigos do Couto Mixto vén celebrando todos os anos un acto que reaviva os sentementos de irmandade das xentes dun e doutro lado da raia. Algo que hoxe ten moito sentido se temos en conta que a Unión Europea tenta construír a chamada Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal. Unha proposta necesaria para abordar o desenvolvemento socioeconómico dun macro espazo territorial habitado por sete millóns de persoas.

Nese contexto a Asociación de Amigos do Couto Mixto quere afortalar o discurso europeo-transfronteirizo inzado de prexuízos histórico que veñen de vello e que tollen o proceso de reenccontro de dous pobos que están chamados a planificar conjuntamente as súas estratexias para acadar mellores cotas de riqueza e benestar social.


Pero para que isto aconteza cómpre contar con personalidades e institucións que aviven o discurso do reencontro transfronteirizo máis aló da raia. Por iso a Asociación de Amigos do Couto Mixto distingue a eses animadores co nomeamento de "Xuíces Honorarios". Un galardón que este ano recae no músico e gaiteiro universal Carlos Núñez; no profesor de dereito da Universidade de Santiago de Compostela, Xosé A. Gómez Segade, e nas cámaras municipais de Verín e Chaves por tomaren a decisión de crear unha eurocidade.

O acto terá lugar este próximo sábado, día 30, na igrexa de Santiago de Rubiás, ás 12:00 horas. Din que quen vai un ano, engaiolado pola paisaxe e a liturxia da ceremonia, volve sempre.

Xosé Glez.



Crear usuario | Acceder



## Últimas de Xosé Glez.

- [■ Ramón Carballal Pernas](#)
- [■ Galeguismo en Morgadáns](#)
- [■ Maios en Leiro](#)
- [■ Mil festas más para a lingua galega](#)
- [■ Arturo Noguerol](#)
- [■ Franco Grande, fillo predilecto de Tomiño](#)

## Xosé González Martínez



Director da revista "Lingua e Dereito". Presidente da Fundación dos premios da Crítica de Galicia. É secretario da Asociación de Amigos do Couto Mixto.

Colaborador da Enciclopedia Galega Universal e asesor literario da editorial Ir Indo. Fundador da Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística e da Asociación de xuristas en galego. Fundador da Fundación "Galicia Empresa", entidade que persegue a normalización da lingua galega no ámbito socioeconómico. É, ademais, fundador da Fundación "Lois Peña Novo".

## Últimas novas

- [■ O sol brilla igual para todos](#)